Exercicios de apoio

Exercicios de realización libre. Coa realización destes exercicios preténdese que sexas ti mesmo/a quen esquematices ou resumas coas túas propias palabras os contidos de cada aspecto teórico. Por isto, podes elaborar unha táboa de modo que representes mellor cada concepto complexo da unidade. Ademais, estes exercicios tamén tratan de facerche ver a utilidade dos recursos esquemáticos e sintéticos para concentrar a información, e o interese que posúen como método de estudo e recuperación da información. De todas as maneiras, sempre se dá unha solución ou, polo menos, un modelo para orientarte.

1.- Explica celtismo, bardismo e helenismo na obra de Pondal.

2.- En tres liñas indica o tema de "O divino sainete".

3.- Identifica o poema do himno galego e explica o seu tema.

4.- Explica a liña temática social ou cívica de "Aires da miña terra"

5.- Dá unha definición dos elementos básicos da poesía patriótica de Pondal.

6.- Infórmate e escribe cinco liñas sobre a modernidade da poesía de Pondal.

7.- Resume, en dez liñas, a biografía de Curros.

8.- Indica o tema de cada unha das novelas históricas do Rexurdimento: *A tecedeira de Bonaval*, *O castelo de Pambre* e *O niño de pombas.*

Solución:

1.

Celtismo	Está influído por historiadores como Manuel Murguía que buscan as orixes da nación galega no seu pasado celta o que lle conferiría ao pobo un carácter propio baseado no amor á terra, no lirismo e na capacidade de resistencia. O papel de Pondal é determinante na creación deste pasado mitolóxico no que salienta a figura do heroe Breogán, personificación da estirpe galega.
Bardismo	Pondal pensa que é ao poeta a quen lle corresponde converterse en guía do pobo escravizado. De aí que reivindique a figura do **bardo**, que era o poeta e dirixente dos antigos celtas, quen coa súa voz instruía e conducía ao pobo.
Helenismo	Entroncado co celtismo, os heroes pondalianos amosan unha rexa virilidade e uns valores éticos propios dos heroes da Grecia clásica.

2.

Divino Sainete: Presenta a peregrinaxe a Roma nun tren de sete vagóns, cada un dos cales simboliza un pecado capital. O poeta viaxa na compaña do poeta e precursor Añón. Toda a obra é unha profunda crítica social e mesmo literaria.

3.

A idea dun **himno galego** parece que foi tema de conversa nas xuntanzas e parladoiros da Cova Céltica. En 1907 os emigrados da Habana deciden que o poema de Pondal **Os pinos**, musicado por Pascual Veiga, se converta en himno galego e como tal é estreado no Gran Teatro da Habana o 20 de decembro de 1907. O himno reúne gran número dos tópicos de Pondal: celtismo, os pinos, a terra de Breogán, a loita épica pola recuperación da patria e da lingua, etc.

4.

Aires da miña terra: *Liña social ou cívica*, con poemas comprometidos nos que denuncia a miseria e a marxinación do pobo galego e manifesta o seu posicionamento, como persoa e como poeta, na loita contra a inxustiza. Quizais o aspecto máis escandaloso para os seus contemporáneos foi o anticlericalismo e a denuncia que fai da Igrexa e da súa doutrina social, que sempre estaba de parte dos poderosos.

5.

Os elementos básicos da poesía patriótica de Pondal son: **o celtismo**, **o helenismo** e **o bardismo.** Ver resposta nº 1.

6.

Pondal é considerado un **poeta moderno** que lembra o simbolismo, o parnasianismo e o modernismo polo seu concepto do poeta-bardo como guía do pobo, a consideración da lingua poética como beleza, a utilización de cultismos, o emprego de símbolos, a atención aos valores expresivos dos sons co manexo de harmonías imitativas e aliteracións.

7.

Manuel Curros: Naceu na vilá ourensá de Celanova no ano 1851, fillo dun notario de carácter autoritario con quen tivo unha relación conflitiva. Moi novo marcha a Madrid onde milita na ideoloxía republicano-progresista e traballa como xornalista. No ano 1884 emigra a Cuba e fixa a súa residencia na Habana onde traballa como xornalista e se posiciona a favor das reivindicacións dos cubanos en contra do goberno de Madrid. Dende Cuba participa activamente na creación da Real Academia Galega.

Morto na Habana no ano 1908, os seus restos foron trasladados posteriormente a Galicia e enterrados na Coruña nun acto no que participaron máis de 40.000 persoas.

8.

A tecedeira de Bonaval	1894. Presenta a vida de Santiago durante o reinado de Carlos I.
O castelo de Pambre	1895. Trata da loita dun nobre por recuperar o seu patrimonio na época de Enrique II.
O niño de pombas	1905. Recrea a época de Xelmírez.